

O Camiño Real En Tractor Clásico

Organizado por :

Grupo de desenvolvemento rural “Os sete castros”

Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC).

Ruta en tractor de época polo camiño medieval coñecido como “Camiño Real”, cujos obxectivos se enmarcan dentro dos valores que pretende a Asociación Galega de Amigos da Maquinaria agrícola clásica (AGAMAC), resumidos en “aumentar a autoestima do traballador do rural”, e neste caso concretizados no seguinte:

-Apoiar un proxecto de cooperación entre 6 Concellos da provincia de Lugo, para recuperar esta antiga ruta que os unía e así potenciar os seus importantes valores agronómicos, culturais e turísticos.

A ruta discorrerá polos lugares máis próximos transitables ou polo propio “camiño real” si está transitable, e polas vías que se detallan a continuación. Partirase da parroquia de Padornelo (Piedrafita) sobre as 10 da mañá, prevendo chegar a Carracedo (Láncara) 3 horas máis tarde para xantar na esplanada da antiga casa do Concello de Láncara. Despois de parar para comer e descansar 2 horas, partirase dirección Lugo para chegar en aproximadamente outras dúas horas e media ao pazo de feiras e Congresos de Lugo, onde se realizará un coloquio sobre a actividade e recepción con autoridades e persoas interesadas no motivo da mesma. Tamén se ten previsto facer algunha parada en lugares destacados onde aproveitar as vistas das paisaxes que se atravesarán.

DETALLE PRECISO DA RUTA:

DÍA:	domingo 24 de febreiro de 2013
Hora de saída:	10:00h
Lugar:	Padornelo, Concello de Pedrafita do Cebreiro
Parada central:	sobre as 13:00h en Carracedo, Concello de Láncara
Saída de tarde:	De Carracedo (diante da antiga casa do Concello) ás 15:30h
Chegada a Lugo:	Pazo de Feiras e Congresos ás 18:00h

CONCELLO A CONCELLO E TRAMO A TRAMO:

CONCELLO PEDRAFITA.

Tramo único: desde Padornelo ata cruce con concello As Nogais no lugar de Pena Blanca da Cabeciña – Muiño Pombo de Forcas.

Lonxitude: 2,3 km

Velocidade media: 10 km/h

Tempo estimado: 16 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Transítase pola LU M 045017 desde Padornelo a cruce con Casa Chancis.

CONCELLO AS NOGAIS.

Tramo 1: desde o inicio do Término Municipal do concello ata o lugar de As Cruces.

Lonxitude: 8,32 km

Velocidade media: 10 km/h

Tempo estimado: 50 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Ningunha

Tramo 2: de As Cruces ata o cruce con camiño de Meizarán

Lonxitude: 0.12 km

Velocidade media: 10 km/h

Tempo estimado: 1 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Transítase pola vía DP 3702 entre as cruces e o camiño de meizarán.
-

CONCELLO TRIACASTELA.

Tramo 1: desde Término municipal de Triacastela ata cruce con Chao de Estacas.

Lonxitude: 2 km

Velocidade media: 10 km/h

Tempo estimado: 12 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- DP 0706 o paso por Meizarán
- DP 0706 no cruce Chao de Estacas

Tramo 2: cruce Chao de Estacas a Término municipal de Lán cara (en O Furco).

Lonxitude: 6.8 km

Velocidade media: 10 km/h

Tempo estimado: 41 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais.

- CP 6201, o paso por cruce de Albela.

CONCELLO DE LANCARA.

Tramo 1: dende o Término municipal do concello (en O Furco) ata a Asfarrapa.

Lonxitude: 5 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 22 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- DP 2702, desde km 6.800 (cruce con camiño da A Armada) ata km 4.400 en Asfarrapa.

Tramo 2: entre a Asfarrapa e a Reboleira.

Lonxitude: 6.2 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 27 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- LU-636, entre km 21 (cruce con camiño a Galegos) e km 21.350 (cruce con Armea de arriba).

Tramo 3: de A Reboleira a A Lama.

Lonxitude: 2,2 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 10 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Ningunha

Tramo 4: de A Lama a Corveira.

Lonxitude: 3 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 12 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Transítase pola LU-622, entre o km 6 (cruce con Armea) ao km 6.900 (cruce hacia a Ponte Romana de Carracedo).

Tramo 5: de Corveira (no Concello de Láncara) a Ponte de Lago (xa no Concello de O Corgo).

Lonxitude: 4.7 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 20 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- LU-621 no km 4
-
-

CONCELLO DE O CORGO:

Tramo 1: Ponte de Lago (en Lago) a Ponte da Torre (en Anseán).

Lonxitude: 4.4 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 19 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Coa DP 1603 no centro de Marei (Barreiros), a estrada non está sinalizada.
- Coa DP 1611 no punto kilométrico 4,5, á altura de Marei (ao lado da SAT "O BALADO")

Tramo 2: de Ponte da Torre (Anseán), a Centro de Hospital.

Lonxitude: 2.7 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 12 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Discorre todo por vías locais.

Tramo 3: de Hospital (O Corgo) a Mazo de Santa Comba (xa no Concello de Lugo)

Lonxitude: 3.8 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 17 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Discorre todo por vías locais.
-

CONCELLO DE LUGO

Tramo 1: do Mazo de Santa Comba a Conturiz.

Lonxitude: 5 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 22 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- No punto kilométrico 1 (exacto) da estrada LU 546, crúzase no lugar de “A Gándara”, parroquia de Santa Comba.
- Dende o punto kilométrico 1 (lugar de “Seoane”) ata o pk 0, pola estrada CP 2904 (de Conturiz a O Páramo.
- Intersección coa LU 11 (N-VI) no km 2 (rotonda de Conturiz).
- Incorporación a pista interior en Conturiz.

Tramo 2: entre Conturiz e a Tolda de Castela

Lonxitude: 2.2 km

Velocidade media: 14 km/h

Tempo estimado: 10 min

Cruce con vías provinciais, autonómicas ou estatais:

- Antes de chegar á Tolda de Castela, percorrerase 200 m pola estrada CP 29-10
- O resto por estradas locais do Concello de Lugo

REMATE DA ACTIVIDADE

Tense pensado rematar a actividade no pazo de feiras e congresos de Lugo, polo tanto, percorrerase 4.5 km pola estrada N-VI dende a rotonda da estación de servizo do Río Miño (Km 4 da estrada Lu 11) ata o citado pazo de feiras e congresos.